



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESION DE CARÁCTER ORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS

D. ANTONIO RODRIGUEZ ARNOSO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D^a. M^a IBERA TEIJEIRO SANJUAN

D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO

D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTIN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as dez horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres/as. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.

Non asiste á sesión D^a. Laura Piñeiro Montes.

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE AGOSTO DE 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de agosto de dous mil dezaoto.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- REVOCACIÓN DA DELEGACION NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA XESTION E ADMINISTRACION DA SEDE ELECTRONICA. APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que como consecuencia de que a partires do 1 de xaneiro de 2019 o Concello vai empregar novos programas informáticos e deixar a tutela da Deputación é necesario revocar o acordo Plenario adoptado no seu día para a xestión e administración da sede electrónica do Concello da Capela por parte da Deputación Provincial da Coruña.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Sinala o Sr. Alcalde-Presidente que o concello dotarase de novos programas e plataformas informáticas para desenrolar o traballo no eido da administración electrónica.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo pregúntase polo custo destes programas, respostándolle o Sr. Alcalde-Presidente que non primeiro ano estímase un gasto aproximado de 20.000,00 €. En posteriores exercicios o gasto estímase aproximadamente nos 8.000,00 €.

Polo Sr. Alcalde-Presidente e o Secretario do Concello explícase polo miúdo os motivos que levaron ó Concello a deixar os programas de Deputación e mercar programas propios.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy sinala que non entende porque a Deputación Provincial da Coruña non presta estes servizos ós concellos máis pequenos xá que unha das razóns da existencia das deputacións é a asistencia e asesoría os pequenos municipios.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que tal como lles manifestou ós responsables de informática e administración electrónica da Deputación Provincial o Concello da Capela deixa de empregar os programas da Deputación, xá que debe maximizar os seus recursos humanos e os programas que se estaban usando ata agora están pouco adaptados a realidade dun concello pequeno como é o da Capela.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Deixar sen efectos a partires do día 31 de decembro de 2018 a delegación acordada, mediante acordo plenario do día 25 de febreiro de 2012, na Deputación Provincial da Coruña para a xestión e administración da sede electrónica. Este acordo queda condicionado a manifestación favorable por parte do órgano competente da Deputación Provincial da Coruña para deixar sen efectos por mutuo acordo a eficacia de dito convenio.

Segundo: A creación dunha nova sede electrónica, cuxo enderezo electrónico de referencia pase a ser <https://concellodacapela.sedelectronica.gal> en lugar da existente "sede.acapela.es"

Terceiro: Notificar o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Administración Electrónica.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

III.- MODIFICACION DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A REGULACION DA ADMINISTRACION ELECTRONICA DO CONCELLO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o presente punto da orde do día trae consecuencia do anterior, xá que se debe modificar o artigo 4 da ordenanza municipal para a regulación da administración electrónica do Concello da Capela que foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión de data 25 de agosto de 2012, xá que o Concello vaia asumir directamente a xestión e administración desta sede electrónica que pasará a denominarse <https://concellodacapela.sedelectronica.gal>

Sen producirse debate e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal para a regulación da Administración electrónica do Concello da Capela nos seguintes termos:

Modifícase o artigo 4, parágrafo 1º: **sede electrónica** que queda redactada da seguinte maneira:

"A sede electrónica municipal é a dirección electrónica dispoñible para os cidadáns, correspondente á dirección de referencia <https://concellodacapela.sedelectronica.gal> Esta é accesible directamente a través do portal do Concello <http://concellodacapela.es>

Segundo: Someter dita modificación da ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de 30 días, para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias que serán resoltas pola corporación municipal.


De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso do pleno do Concello.

Publicar así mesmo o texto da modificación da ordenanza no Portal web do concello www.concellodacapela.es co obxecto de dar audiencia ós interesados.

Terceiro: Facultar expresamente ó Alcalde-Presidente para subcribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

IV.- APROBACION INICIAL DA MODIFICACION DA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DA CAPELA. APROBACION. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente instruído para a modificación da relación de postos de traballo do Concello da Capela, que foi aprobada polo Pleno do Concello en data 23 de novembro de 2009. O equipo de goberno contratou a



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

redacción deste traballo á empresa J&L Tudo Consulting, S.L. e contempla o seguinte:

- a) Inclusión na RPT do posto de traballo de Bibliotecario/a. Arquivo/a. ós efectos de promover a consolidación do emprego da traballadora que ven prestando este servizos dende hai anos; incrementase o seu salario nunha cuantía de 4.217,15 € anuais como consecuencia da súa titulación (Grupo A1 licenciado) e a asunción dun novo cometido como é a coordinación de actividades culturais do Concello.
- b) Polo que respecta ó posto de traballo da Traballadora Social incrementase o seu complemento específico na contía de 3.990,16 € anuais ós efectos de retribuir a coordinación de dependencia e os traballos administrativos propios da praza.
- c) Polo que respecta os postos de traballo dos Oficiais (2) incrementanse os seus salarios para cada un deles na contía de 1.585,01 € anuais ós efectos de retribuir os cometidos de disposición os fins de semana para o control da ETAP.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo dise que entende a modificación que afecta o posto de traballo de Bibliotecaria/Arquivo/a e do Persoal Laboral de Oficios pero ten dúbidas con respecto a Traballadora Social.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a Traballadora Social pertence o grupo A2 (Diplomados) e que o complemento específico era moi baixo para este grupo como se ten contrastado con outros Concellos da contorna, ademais a Traballadora Social estaba facendo traballos de coordinación da dependencia e administrativos non retribuídos.


Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que a única dúbida que ten con respecto o expediente de relación de postos de traballo é como se encaixa o documento elaborado pola empresa J&L Tudo Consulting, S.L., xa que semella un copia e pega das disposicións legais e quizais o Concello poidera ter aforrado os aproximadamente 5.000,00 € do custo do mencionado traballo.

Pregunta ademais cal é o motivo da elección da mencionada empresa.

Polo Secretario-Interventor dise que é preciso que obren neste tipo de expedientes un estudo que valore e cuantifique os complementos dos postos de traballo.

Polo Sr. Alcalde-Presidente sinalase que a empresa J&L Tudo Consulting, S.L. foi a que fixo a relación de postos de traballo deste Concello no ano 2009 e é unha das poucas que fai este tipo de traballo na provincia, de ahí a súa elección.

Remata a súa intervención o voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy decindo que tal e como se establece no traballo, sería necesario que o organigrama político se adaptase o organigrama técnico que se sinala no traballo da



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

empresa de referencia, dí ademáis que este asunto debeuse de tratar na Xunta de Voceiros.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo do Concello da Capela de acordo cos documentos redactados pola empresa J&L Tudó Consulting, S.L., agás os redondeos nos complementos específicos dos postos de traballo de Secretaría-Intervención, Administrativo, Auxiliar Administrativo Tesoureiro, Auxiliar Administrativo e Auxiliar de Axuda no Fogar (2) que non serán tidos en conta, mantendo as súas retribucións actuáis.

Segundo: Expoñela ó público polo prazo de vinte días, transcorrido dito prazo a aprobación elevárase a definitiva senon se plantexaron reclamacións, suxerencias ou alegacións.

Terceiro: Aprobada definitivamente a relación de postos de traballo, remitírase copia ós órganos competentes da administración do estado e da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días e será publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia.


V.- APROBACION DO EXPEDIENTE PARA A LICITACION E CONTRATACION DA OBRA: "PAVIMENTACION DE ACCESO ÁS FRAGAS DO EUME" – CONVENIO 63/2018 DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da instrucción do expediente para a licitación e contratación da obra denominada "Pavimentación do acceso ás Fragas do Eume", incluída no Convenio 63/2018 asinado coa Deputación Provincial da Coruña por un importe de 241.977,75 € dos cales a Deputación Provincial aporta o 80% e o Concello o 20% restante con cargo o supéravit do exercicio 2017 considerándose a obra como investimento financeiramente sostible.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo pregúntase canto quedaría por facer despois da execución deste proxecto. Respostalle o Sr. Alcalde-Presidente que aproximadamente unhos tres kilómetros.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que vai a votar a favor da aprobación do expediente pero co matiz de que o equipo de gobernó debe intentar que Endesa apoie este proxecto ou ben se faga cargo do tramo restante.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que xá se ten falado coa empresa pero que se remiten ó convenio de cesión asinado no seu día co Concello.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1 Ratificar a Resolución da Alcaldía Nº 265/2018 de data 11 de outubro de 2018, acordando o inicio do expediente de referencia.

2 Aprobar o expediente de licitación e contratación mediante o procedemento aberto simplificado para a obra denominada "**Obras de pavimentación do acceso ás Fragas do Eume**" Convenio 63/2018 Deputación Provincial da Coruña, convocando a súa licitación.

3 Aprobar o gasto que ascende á cantidade de 241.977,75 €, IVE incluído, correspondente a aplicación orzamentaria 2018.1532.61901.

4 O prego de cláusulas administrativas particulares que rexen nesta contratación e o aprobado pola Deputación Provincial da Coruña en sesión de data 26 de maio de 2018 (BOP Nº 101 de data 30 de maio de 2018) para o procedemento aberto simplificado mediante a aplicación de fórmulas.

5 Publicar anuncio de licitación no perfil do contratante da plataforma de Contratos do Sector Público.

VI.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE FACTURAS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos correspondentes a facturas de enerxía eléctrica presentadas durante o exercicio 2018 por parte das empresas Gas Natural Servizos, SDG, S.A. e Gas Natural S.U.R. SDG, S.A., que corresponden a subministrados do ano 2017 por un importe total de 12.047,42 €.

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy dise que se vai abster neste punto como protesta pola indefensión e abusos que cometen as grandes compañías do sector eléctrico cos seus clientes e neste caso co Concello da Capela.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que o Concello leva traballando neste expediente fai máis de nove meses, pero que é imposible falar con alguén dentro das mencionadas empresas que solucione os temas e que o máis importante que facturen a mes vencido e non cando lles ven en gana.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres/a. Concelleiros/a. do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e 2 votos do Grupo Municipal de AIAC e 1 abstención do Concelleiro do Grupo Mixto-PP).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

O Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento dos créditos correspondentes á subministración de enerxía eléctrica no exercicio 2017 e tramitar de maneira paralela un expediente de modificación de créditos.

Segundo: Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2018, os créditos correspondentes á subministración de enerxía eléctrica, con cargo ás seguintes partidas presupostarias e polos seguintes importes:

Partida presupostaria	Importe
2018.160.22100	3.169,50 €
2018.165.22100	3.092,55 €
2018.231.22100	1.003,88 €
2018.323.22100	1.172,14 €
2018.326.22100	1.634,52 €
2018.3321.22100	548,99 €
2018.334.22100	120,06 €
2018.342.22100	548,24 €
2018.432.22100	289,35 €
2018.920.22100	468,19 €


VII.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4/2018. APROBACIÓN ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos Nº 7/2018 que contempla xeración e suplemento de créditos en determinadas partidas do orzamento municipal para o exercicio 2018, en concreto a inclusión dos créditos para a obra incluída no POS+ADICIONAL 1ª FASE 2018 por un importe de 75.120,55 € e o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 12.047,42 € de facturas correspondentes a subministro de enerxía eléctrica do ano 2017.

Sen producirse debate o Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos Nº 7/2018, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACION ANTERIOR	SUPLEMENTOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	TRANSFERENCIAS DE CREDITO	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	364.948,52 €			364.948,52 €



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

II Gastos en bens corrent.	817.917,75 €	12.047,42 €		829.965,17 €
III Gastos financeiros	0,00 €			0,00 €
IV Transferencias correntes	26.800,00 €			26.800,00 €
V Fondo de continxencias e outros imprevistos				0,00 €
VI Investimentos reais	639.615,51 €		75.120,55 €	714.736,06 €
VII Transf. de capital	0,00 €			0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €			0,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €			0,00 €
TOTAL	1.849.281,78 €	12.047,42 €	75.120,55 €	1.936.449,75 €

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

VIII.- DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta ao pleno da relación de decretos e resolución da alcaldía dende o día 23 de agosto de 2018 ata o día 18 de outubro de 2018 que de seguido se relacionan:

Nº Decreto	Data	Asunto
00231/2018	24/08/2018	SOLICITUDE DE REVISION DO EXPEDIENTE DE SUBVENCIONS CULTURAI E DEPORTIVAS 2018
00232/2018	24/08/2018	AUTORIZACION FOGOS DE ARTIFICIO FESTA DO REQUEIXO 2018
00233/2018	24/08/2018	TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO PARA O DÍA 25 DE AGOSTO NUNHA BODA RESTAURANTE CASA PEIZAS
00234/2018	25/08/2018	PREZO DAS PEZAS CONMEMORATIVAS DA XXX FESTA DO REQUEIXO ANO 2018
00235/2018	27/08/2018	CONVOCATORIA PLENO MUNICIPAL PARA O DIA 30 DE AGOSTO DE 2018 CON CARÁCTER ORDINARIO
00236/2018	28/08/2018	ALTA PMH DE D ^a . ALBA GOMEZ SEIJO
00237/2018	29/08/2018	AUTORIZACION FOGOS DE ARTIFICIO FESTA DE SAN



CONCELLO DA CAPELA


As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

		BOULO 2018
00238/2018	30/08/2018	APROBACION DA NÓMINA AGOSTO/2018 DO PERSOAL MUNICIPAL
00239/2018	03/09/2018	ADXUDICACION DO CONTRATO DE EXECUCION DA OBRA DENOMINADA "REHABILITACION DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO DA CAPELA".POS+ (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS 2018)
00240/2018	03/09/2018	INCLUSION DE OFICIO DE DNA. MARIA ARGENTINA HERMIDA CIBREIRO NO PADRON DE CONTRIBUINTES DA TAXA DE RSU
00241/2018	03/09/2018	INCLUSION DE OFICIO DE DNA. MARIA LUZ PIÑEIRO HERMIDA NO PADRON DE CONTRIBUINTES DA TAXA DE RSU
00242/2018	04/09/2018	NOMEAMENTO DO DIRECTOR DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: BARREIRO, PEREIRO, A CORVEIRA E A LAGOA" (AGADER 2018-2019)
00243/2018	05/09/2018	ALTAS PMH DE D. JOSE ANTONIO FDEZ. RGUEZ E D ^a . GEMA LOPEZ ARNOSO
00244/2018	10/09/2018	VACACIONS DA BIBLIOTECARIA MUNICIPAL DNA. MARIA ISABEL FRANCO RODRIGUEZ
00245/2018	11/09/2018	Tramitacion de Decretos
00246/2018	11/09/2018	ACOMETIDA DE AUGA PATRICIA SOUTO LOPEZ
00247/2018	11/09/2018	BAIXAS DE OFICIO NO PADRON FISCAL DAS TAXAS DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RSU
00248/2018	14/09/2018	CONCESION TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA A DNA. MARIA DEL CARMEN RODRIGUEZ HERMIDA
00249/2018	14/09/2018	ADXUDICACION DO CONTRATO DA SUBMINISTRACION "RENOVACION DO ALUMEADO EN VARIOS LUGARES: A BUIÑA E OUTROS", INCLUIDA NO PMA 2016-ADICIONAL 2 ^a FASE
00250/2018	14/09/2018	ALTA PMH MARIA CIPRIANA ARNOSO CALVO
00251/2018	15/09/2018	RESOLUCION DE APROBACION DO PADRON FISCAL DO 3 ^o TRIMESTRE 2018 DAS TAXAS DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RSU
00252/2018	18/09/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE O/2018/7
00253/2018	18/09/2018	ALTA PMH CARLOS SEDES CORTIZAS
00254/2018	19/09/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE P/2018/8
00255/2018	25/09/2018	PETICION DE AUMENTO NA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. MANDINA SABIN DIAZ
00256/2018	27/09/2018	CALENDARIO LABORAL ANO 2019 (FESTAS LOCAIS)
00257/2018	27/09/2018	APROBACION DA NOMINA SETEMBRO/2018 DO PERSOAL MUNICIPAL
00258/2018	01/10/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE O/2018/8
00259/2018	01/10/2018	LEVANTAMENTO DE REPAROS DA SECRETARIA-INTERVENCION ACCIDENTAL
00260/2018	01/10/2018	APROBACION DA RELACION CONTABLE P/2018/9



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981
459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

00261/2018	02/10/2018	APROBACION DO PADRON FISCAL DO 3º TRIMESTRE/2018 DAS TAXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE
00262/2018	02/10/2018	CAMBIOS DOMICILIO Dª. MANUELA MEIZOSO FILGUEIRAS, D.MANUEL MEIZOSO GARCIA, D. GUILLERMO SECO MEIZOSO
00263/2018	04/10/2018	ALTAS PMH Dª. ANTIA DIAZ RODRIGUEZ, D. MARIANO CARNEVALE
00264/2018	09/10/2018	APROBACION DO PADRON FISCAL SETEMBRO/2018 DAS TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00265/2018	11/10/2018	RESOLUCION INICIO EXPTE. PARA A LICITACION E CONTRATACION DA OBRA "OBRAS DE PAVIMENTACION ACCESO AS FRAGAS DO EUME"-CONVENIO 63/2018 DEPUTACION
00266/2018	16/10/2018	R/SOLICITUDE DE ALTA NO PMH
00267/2018	16/10/2018	ADXUDICACION DO LOTE 1 "LIMPEZA DO CEIP MOSTEIRO DE CAAVEIRO" INCLUIDO NA LICITACION DO SERVIZO "LIMPEZA DE INMOBLES MUNICIPAIS"

O Pleno da Corporación queda enterado.

IX.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Non se presentou ningunha moción a debate neste Pleno Ordinario

X.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGO

Polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy formúlase "in voce" o rogo de que se activen de novo as Xuntas de Voceiros que levan tempo sen convocarse.


Respostalle o Sr. Alcalde-Presidente que se atente o rogo

PREGUNTAS

Formúlase "in voce" polo voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy a seguinte pregunta:

Cando empezan as obras de reforma do Concello?

Respostalle o Sr. Alcalde-Presidente que está previsto que entre o día 1 e o día 15 do vindeiro mes de novembro.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

